

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN MUJERES EN DESARROLLO DOMINICANA, INC. (MUDE) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "GOBERNANZA PARTICIPATIVA A TRAVÉS DUNHA CULTURA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E MANEXO DE LIXO DESDE O CONCELLO DE SANTO DOMINGO (REPÚBLICA DOMINICANA)"

(1) Que, de conformidade co previsto na artigo 85 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, a Cooperación Galega asociarase prioritariamente con aqueles países e pobos nos que concorran algunha ou varias das seguintes circunstancias: situacións de maior pobreza e desigualdade; transgresións graves e xeneralizadas dos dereitos humanos; conflitos ou situacións de emerxencia humanitaria; experiencia e traxectoria estable e consolidada de traballo coa sociedade galega e os seus axentes de cooperación; relacións culturais e históricas coa sociedade galega e os seus axentes de cooperación, especialmente nos ámbitos lusófono e hispano; así como a xeración de maiores fluxos migratorios e de poboación refuxiada.

Devandito artigo dispón, ademais, que a Cooperación Galega intervirá prioritariamente nos ámbitos ou sectores seguintes:

- a) Exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
- b) Agricultura, pesca e acuicultura sostibles cun enfoque de soberanía alimentaria.
- c) Desenvolvemento rural, local e territorial integrado, inclusivo, solidario e redistributivo para unha prosperidade compartida.
- d) Protección do medio ambiente e promoción da xustiza ecolóxica na loita contra o cambio climático e a conservación e recuperación da biodiversidade.
- e) Fortalecemento da sociedade civil, o bo goberno e a gobernabilidade democrática, así como das capacidades humanas e institucionais dos países e pobos cos que se coopera.



- f) Igualdade de xénero e empoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia.
- g) Protección e exercicio dos dereitos humanos, prevención e resolución pacífica dos conflitos, e promoción da cultura da paz e das diversidades.
- h) Acción humanitaria e axuda de emerxencia.
- i) Educación para a cidadanía global.

Establece, así mesmo, colectivos e ámbitos ou sectores prioritarios, así como prioridades transversais, e dispón que será o Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento o que materializará e actualizará, para cada período, o conxunto de prioridades a través da participación e diálogo cos axentes de cooperación e con base nos estudos e avaliacións dispoñibles.

De conformidade co previsto no artigo 84 e 94 da citada norma, as actuacións da Cooperación Galega poderán xestionarse de forma bilateral, sexa directamente con institucións públicas ou outras entidades dos países e pobos cos que se coopera, sexa indirectamente a través dos axentes de cooperación recoñecidos na lei.

En consonancia co anterior, o vixente V Plan director da cooperación galega, que abarca o período 2023–2026, recoñece como prioritarios 11 países, entre os que se atopa a República Dominicana; e marca como prioridades de maneira transversal: a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

O Plan director contempla, ademais, como ámbitos estratéxicos: AE1, Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis pobres e vulnerables; AE3, Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o



apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións; AE4 Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada e AE5, Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro , para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, dispón no seu 64, particularmente con respecto das políticas de acción exterior e de cooperación para o desenvolvemento, que a Administración autonómica integrará a perspectiva de xénero no exercicio das súas competencias en materia de acción exterior e nas actuacións de cooperación para o desenvolvemento mediante a posta en marcha, entre outras posibles, das seguintes medidas:

“a) Integrar a perspectiva de xénero de modo sistemático, no exercicio das competencias autonómicas, no deseño, na execución e na avaliación de estratexias, de plans, de proxectos e de programas vinculados á acción exterior e á cooperación para o desenvolvemento.

b) Promover a colaboración permanente e planificada dos departamentos competentes en materia de igualdade e de acción exterior e cooperación para o desenvolvemento.

c) Prestar especial atención á protección e promoción do labor das mulleres como defensoras dos dereitos humanos e nos procesos de construción da paz a nivel internacional.

d) Procurar que unha parte dos recursos da acción exterior de Galicia, en particular da cooperación galega, diríxase a iniciativas que teñan como obxectivo prioritario o poderamento das mulleres e a defensa dos seus dereitos, así como ao fortalecemento institucional das organizacións locais feministas e de mulleres que traballan pola transformación da súa posición nos países socios.

e) Promover o fortalecemento institucional dos axentes da cooperación galega no enfoque de xénero, que permita mellorar tanto as actuacións externas como as propias prácticas internas.

f) Integrar a perspectiva de xénero nas intervencións humanitarias mediante a xeración de capacidades e o poderamento das mulleres, prestando especial atención á protección



de vítimas de violencia, en particular das superviventes de violencia sexual ou por razón de xénero, nas crises humanitarias, e á garantía dos dereitos das mulleres e das nenas migrantes, desprazadas e refuxiadas”.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio , polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configura á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea como o órgano superior da Administración autonómica no ámbito da cooperación ao desenvolvemento e dispón que ten, entre outras, a función de impulsar a aplicación transversal do principio de igualdade de xénero no exercicio das competencias en materia de acción exterior, análise da contorna internacional e cooperación ao desenvolvemento.

(2) **Antecedentes:** A Xunta de Galicia, no recto exercicio das súas competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento vén colaborando con diversos axentes e organizacións do exterior. A canalización convén efectuala a través de entidades que coñezan o ámbito de execución e que dispoñan dunha infraestrutura operativa mínima para garantir o éxito e bo fin das intervencións, máxime considerando a súa extraterritorialidade, a distancia xeográfica e mesmo os distintos ámbitos xurídicos, sociais e institucionais. Estas entidades debidamente acreditadas, de diferente natureza e condición, contan cun recoñecemento institucional e a súa intervención coadruva a materializar os obxectivos perseguidos sen grandes custos administrativos ou de xestión mediata.

Neste sentido, a Asociación Mujeres en Desarrollo Dominicana, Inc. (Mude), é unha asociación sen fin lucrativo da República Dominicana cuxa incorporación lle foi outorgada mediante o Decreto Non. 1439, do 16 de xaneiro de 1980, segundo certificación da Procuradoría Xeral da República e rexistrada no Rexistro de Asociacións Sen Fins de Lucro do Centro Nacional de Fomento e Promoción das Asociacións sen Fins de Lucro do Ministerio de Economía, Planificación e Desenvolvemento da República Dominicana co número 246.



Esta asociación conta con 45 anos apoiando o desenvolvemento integral das mulleres e as súas familias e na defensa dos seus dereitos, en especial á educación, a saúde e o empoderamento económico; desenvolvendo o seu labor en comunidades en situación de vulnerabilidade e pobreza, buscando impulsar cambios cara ao desenvolvemento sostible.

A entidade conta con capacidade técnica e loxística para a óptima execución da intervención proposta.

(3) **Finalidade:** O barrio da Ciénaga, en Santo Domingo, enfróntase a graves desafíos en materia de xestión de residuos sólidos e violencia de xénero, o que impacta negativamente a calidade de vida dos seus habitantes. O proxecto impleméntase neste barrio, priorizando a súa alta vulnerabilidade ambiental e social e a intervención vira ao redor de dous eixos principais: por unha banda, o fortalecemento institucional, capacitarase ao persoal do concello en prevención da violencia de xénero e na xestión de residuos, e doutra banda, a participación comunitaria, promoverase a integración de líderes locais e xuntas de veciños nos programas municipais de xestión de residuos e prevención da violencia, xerando corresponsabilidade e cambios sostibles no barrio. Co fin de colaborar con MUDE neste proxecto, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o día 1 de xaneiro de 2025, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade MUDE no proxecto denominado "Gobernanza participativa a través dunha cultura de prevención da



violencia de xénero e manexo de lixo desde o Concello de Santo Domingo (República Dominicana)“.

O proxecto ten como obxecto promover a gobernabilidade democrática participativa a través da igualdade de xénero e manexo de xestión de residuos, en República Dominicana; e o obxectivo do proxecto é fortalecer a boa gobernanza municipal do Concello do Distrito nacional a través da concienciación do manexo do lixo e plásticos e a prevención da violencia de xénero.

(5) Tendo en conta a singularidade do proxecto para o que se solicita financiamento, que vén determinada polas actuacións que se pretenden desenvolver no ámbito do goberno municipal, así como en materia de igualdade de xénero e de prevención da violencia de xénero, e en relación co exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral; así como a natureza específica da entidade pública destinataria da subvención e a súa experiencia acumulada neste tipo de proxectos, ou seu coñecemento e implantación sobre terreo, así como ou feito de que a canalización destas actividades convén efectualas por medio de entidades que coñezan ou terreo e que dispoñan dunha infraestrutura operativa mínima para garantir o éxito e bo fin das intervencións, máxime considerando a súa extraterritorialidade, a distancia xeográfica e os distintos ámbitos xurídicos, sociais e institucionais, cabe concluír que esta entidade reúne as características específicas e idóneas para a realización da actuación prevista no proxecto de convenio, de indubidable interese público, e que, por tanto, o proxecto de convenio cumpre cos requisitos exixidos para a concesión directa de subvencións no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrencia pública dada a especificidade das actividades que son de interese público e maila natureza da entidade destinataria da subvención.



(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto, cuxo custo total se estima en 58.002,00 euros, cunha achega total de cincuenta mil euros (50.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0. A asociación MUDE aportará 8.002,00 euros.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

